

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15026960	CEIP Plurilingüe de Ponzos	Ferrol	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Proxecto competencial	5º Pri.	1	35

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	4
4.1. Concrecións metodolóxicas	8
4.2. Materiais e recursos didácticos	8
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	9
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	9
6. Medidas de atención á diversidade	10
7.1. Concreción dos elementos transversais	10
7.2. Actividades complementarias	11
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	11
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	12
9. Outros apartados	12

1. Introducción

A presente programación didáctica, elaborada para a materia de Proxecto Competencial do 5º curso de Educación Primaria, ten como referencia o currículo que establece o Decreto 155/2022 do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Nesta programación tense en todo momento presente como obxectivo principal o desenvolvemento das competencias clave e o traballo de elementos transversais a través da realización de proxectos significativos para o alumnado. Neste curso 2023 - 2024 tomarase como referencia para abordar nesta área, o proxecto "A mellora do noso cole". Con este proxecto abordaremos as preocupacións e intereses do alumnado de todo o centro para mellorar os espazos, materiais, recursos... do centro. En todo momento búscase unha aprendizaxe especialmente significativa onde plantexarán, estudarán e analizarán os cambios necesarios para a mellora no seu día a día no centro. Finalmente levarán a cabo dunha forma activa as propostas analizadas.

Formúlanse tres unidades didácticas nas que desenvolveremos os contidos marcados nos tres bloques da área. A programación de 5º de E. Primaria realízase no contexto educativo do CEIP de Ponzos, un centro público de educación infantil e primaria, situado nunha zona costeira, a cal conta con gran cantidade de zonas verdes que nos permiten aproveitar a infinidade de recursos que nos oferta dita contorna. Estes recursos espaciais permitirán traballar de forma intradisciplinar os bloques de contidos. Este centro é de liña un, é dicir, ten 12 unidades, sendo 3 delas de educación infantil e 9 unidades de educación primaria; no CEIP Ponzos a lingua predominante é o castelán. O centro é de xornada única de 09:00 a 14:00 horas, deixando as horas da tarde para actividades extraescolares. Tanto nas instalacións, como na organización e funcionamento do centro, séguese o establecido na lexislación vixente, respecta os acordos recollidos no Proxecto Educativo do centro e as directrices da CCP para a súa elaboración. Neste curso 2023-2024, o grupo de 5º curso está formado por dúas aulas cun total de 30 alumnos e alumnas, continuando co desdobre do 4º curso. Os grupos están repartidos en igual número, destacando a incorporación de 1 alumno novo ao grupo de 5º A e de 2 no grupo de 5º B. Destacar neste último grupo, dous alumnos de orixe marroquí con dificultades no idioma, polo que é necesario o traballo en coordinación co DO do centro, especialmente nas intervencións específicas do profesorado de apoio co alumnado que o precise, pero a pesar de atopar diferentes ritmos de aprendizaxe, todos poderán traballar os elementos curriculares de 5º curso. No curso de 5ºA resaltar a existencia dun alumno con necesidades educativas especiais.

Destácase unha importante vinculación e comunicación coas familias do alumnado, para facelos partícipes de todo o proceso educativo dos seus fillos/as. Con esta participación, lógrase unha importante colaboración das familias co centro no desenrolo do proceso de e-a do alumnado. No caso concreto de 5º B trátase dun grupo bastante homoxéneo, aínda que hai alumnos que teñen un ritmo de aprendizaxe máis lento. No caso de 5ºA trátase dun grupo heteroxéneo en canto aos seus ritmos de aprendizaxe.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Concretar un plan de traballo para a realización dun proxecto ou a resolución dun problema a través da definición de obxectivos e das accións para acadalos, tendo en conta as necesidades da contorna.	1			1	1-5	3	1-2-3	
OBX2 - Desenvolver o proxecto segundo a planificación prevista mobilizando conxuntamente as competencias transversais que se requiran.	1-3		5	3	1-3	2	3	

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX3 - Presentar os resultados asociados ao proxecto competencial empregando dun xeito respectuoso estratexias e ferramentas de comunicación adecuadas cunha linguaxe verbal e corporal positiva, control das emocións negativas e, de ser o caso, co uso de recursos informáticos e audiovisuais.	1-5	3	3	2-3	1-3			3-4

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Mans á obra. Melloramos por fóra.	Análise da mellora do espazo da ludoteca e posta en marcha das propostas aprobadas. Adecuación e preparación do horto para a colleita deste curso.	30	12	X		
2	No interior podemos estar mellor.	Posta en marcha das ideas aprobadas para o acondicionamento dos espazos compartidos do interior do colexio.	30	12		X	
3	Mira o que cambiamos.	Presentación e posta en común xunto con todo o alumnado do centro dos cambios logrados durante todo o curso.	40	11			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Mans á obra. Melloramos por fóra.	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	Expresar o motivo da importancia do proxecto.	TI	100
CA1.2 - Valorar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.	Identificar os recursos materiais necesarios para a realización do proxecto.		
CA1.3 - Identificar e seleccionar a información que se precisa.	Saber identificar a información que se busca e se precisa para a realización do proxecto.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Realizar, de xeito guiado, a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.	Saber interpretar o tempo de que se dispón para a realización de cada tarefa do proxecto.		
CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.	Solventar incidencias que poidan xurdir.		
CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista.	Elaborar os traballos en tempo e forma.		
CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.	Aplicar os coñecementos axeitados.		
CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.	Empregar recursos e materiais necesarios.		
CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.	Resolver as incidencias xurdidas.		
CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.	Valorar os resultados logrados.		
CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.	Presentar as obras e contar a lenda.		
CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade.		
CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe corporal e presenza escénica axeitadas.		
CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.	Potenciar as emocións positivas na exposición.		
CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.	Empregar recursos dixitais na presentación do proxecto.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procura e selección de información relacionada cos proxectos. - Planificación: secuenciación e temporalización. - Execución de proxectos: dinámicas e roles. - Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta. - Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.

UD	Título da UD	Duración
2	No interior podemos estar mellor.	12

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	Expresar o motivo da importancia do proxecto.	TI	100
CA1.2 - Valorar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.	Identificar os recursos materiais necesarios para a realización do proxecto.		
CA1.3 - Identificar e seleccionar a información que se precisa.	Saber identificar a información que se busca e se precisa para a realización do proxecto.		
CA1.4 - Realizar, de xeito guiado, a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.	Saber interpretar o tempo de que se dispón para a realización de cada tarefa do proxecto.		
CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.	Solventar incidencias que poidan xurdir.		
CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista.	Elaborar os traballos en tempo e forma.		
CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.	Aplicar os coñecementos axeitados		
CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.	Empregar recursos e materiais necesarios.		
CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.	Resolver as incidencias xurdidas.		
CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.	Valorar os resultados logrados.		
CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.	Presentar a obra e contar a lenda.		
CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade.		
CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe corporal e presenza escénica axeitadas.		
CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.	Potenciar as emocións positivas na exposición.		
CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.	Empregar recursos dixitais na presentación do proxecto.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procura e selección de información relacionada cos proxectos. - Planificación: secuenciación e temporalización. - Execución de proxectos: dinámicas e roles. - Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta. - Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.

UD	Título da UD	Duración
3	Mira o que cambiamos.	11

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	Expresar o motivo da importancia do proxecto.	TI	100
CA1.2 - Valorar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.	Identificar os recursos materiais necesarios para a realización do proxecto.		
CA1.3 - Identificar e seleccionar a información que se precisa.	Saber identificar a información que se busca e se precisa para a realización do proxecto.		
CA1.4 - Realizar, de xeito guiado, a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.	Saber interpretar o tempo de que se dispón para a realización de cada tarefa do proxecto.		
CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.	Solventar incidencias que poidan xurdir.		
CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista.	Elaborar os traballos en tempo e forma.		
CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.	Aplicar os coñecementos axeitados		
CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.	Empregar recursos e materiais necesarios.		
CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.	Resolver as incidencias xurdidas.		
CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.	Valorar os resultados logrados.		
CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.	Presentar a obra e contar a lenda.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade.		
CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe corporal e presenza escénica axeitadas.		
CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.	Potenciar as emocións positivas na exposición.		
CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.	Empregar recursos dixitais na presentación do proxecto.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procura e selección de información relacionada cos proxectos. - Planificación: secuenciación e temporalización. - Execución de proxectos: dinámicas e roles. - Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta. - Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Nas tres unidades didácticas que se traballarán ao longo do curso, os criterios metodolóxicos a seguir serán activos, funcionais, lúdicos e sempre tendo presente as características do alumnado, así como as diferentes situacións nas que se pode atopar. Búscase en todo momento traballar desde un enfoque globalizador e interdisciplinar, onde se poñan en práctica contidos das diferentes áreas. Foméntase a promoción de aspectos afectivos e de relación, para buscar que se sintan seguros e lograr unha construción de coñecemento a partir da formación dunha autoimaxe positiva.

Un aspecto fundamental para o éxito do cumprimento dos obxectivos plantexados nesta programación será a posta en práctica de tarefas de aprendizaxe integradas, que permitan avanzar ata os resultados de aprendizaxes de máis dunha competencia ao mesmo tempo. Propoñerase ao alumnado a consecución dun produto social relevante que supoña un auténtico enfoque competencial.

Finalmente destacar a importancia do fomento dunha autonomía no aprendizaxe, para que o alumno logre adquirir estratexias que lle favorezan á resolución de problemas da vida diaria, fomentando a autonomía, o esforzo e a responsabilidade.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Ordenadores
Proxector

Material funxible (cartolinas, floios, pinturas ...)
Internet e recursos na rede
Ferramentas xardinería
Ferramentas para reparacións

Todo material estará ao alcance dos alumnos/as, permitíndolles o acceso a diferentes obxectos e materiais para estimular a súa propia aprendizaxe significativa. Deste xeito, ademais de facilitar o proceso de aprendizaxe, teremos presente a dotación de normas referidas ao coidado deste material e da súa organización. Destacar que a través desta área competencial traballaremos o coñecemento e uso de diferentes ferramentas de pequena obra ou de xardinería. Asemade será preciso o uso de diferente material escolar para desenvolvemento total do traballo especificado na presente programación así como o uso de recursos dixitais para a búsqueda de información e exposición de ideas.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao inicio de curso, nas primeiras sesións, realizarase unha proba inicial baseada en competencias clave. O seu obxectivo é facilitar información sobre distintos aspectos do alumnado, tales como posibles dificultades de aprendizaxe ou capacidades por riba da media do grupo. Dita información servirá para programar as adaptacións precisas, así como as actividades de reforzo e ampliación no caso de ser necesarias. Os resultados de dita proba daranse a coñecer durante unha reunión establecida polo centro ao inicio do curso e na que se atopará a totalidade da xunta avaliadora. En función dos resultados obtidos, e sempre coa intervención do Departamento de Orientación levaranse a cabo as medidas de atención pertinentes. Ademais, teranse en conta os intereses do alumnado de cara a deseñar propostas que sexan do seu gusto.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	30	30	40	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

Os criterios de cualificación seguirán as seguintes porcentaxes por cada unidade didáctica:

- Criterios de avaliación do bloque 1-Definición do proxecto: 33%
- Criterios de avaliación do bloque 2-Execución do proxecto: 33%
- Criterios de avaliación do bloque 3-Presentación do proxecto: 34%

O peso das Unidades Didácticas será o seguinte:

- UD 1: 30%
- UD 2: 30%
- UD 3: 40%

A nota final de cada trimestre será a media ponderada das notas de cada unidade.

A nota final do curso será a media aritmética das tres medias dos trimestres.

Criterios de recuperación:

No caso de que un alumna/o non realice as tarefas asignadas ou non coopere adecuadamente nalgún traballo que sexa grupal, dificultando o desenvolvemento do proxecto, terá que realizar tarefas específicas e pautadas para traballar diferentes aspectos relacionados con este proxecto.

6. Medidas de atención á diversidade

En canto ás medidas de atención á diversidade, debemos ter en conta á hora de levar a cabo esta programación por un lado as medidas ordinarias, así como as medidas extraordinarias, as cales se porán en funcionamento unha vez esgotadas as ordinarias.

Así, entre as medidas ordinarias hai que ter en conta á adecuación desta programación ás características do centro e do alumnado. Haberá programas de habilidades sociais para traballar a autoestima ou a empatía, o que facilitará o traballo en equipo. Por último, en canto as medidas ordinarias hai que destacar o programa de enriquecemento curricular para aquel alumnado con altas capacidades.

Por outra banda, entre as medidas extraordinarias podemos atopar: adaptacións curriculares, agrupamentos flexibles, apoio do profesorado especialista en pedagogía terapéutica ou audición e linguaxe, a flexibilización no período de escolarización, así como alumnado que no poida acudir ao centro educativo por circunstancias diversas ou unha atención educativa domiciliaria ou hospitalaria.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X
ET.5 - Fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento	X	X	X
ET.6 - Igualdade entre mulleres e homes.	X	X	X
ET.7 - Educación para a paz	X	X	X
ET.8 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible.	X	X	X

Observacións:

No deseño de actividades representativas para o alumnado:

- Fomentaranse de maneira transversal a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.

- Promoverase a aprendizaxe da prevención e da resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o

respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e a consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.

- Evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como os que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.

Fomentaranse as medidas para que o alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor y a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo/a e o sentido crítico.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Actividades propostas polos equipos de dinamización do centro.	Actividades variadas, que estean relacionadas coas propostas (semana do libro, 25N, samaín...).			

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Adecuación á temporalización das unidades didácticas
Metodoloxía empregada
Adecuación do nivel de dificultade ás necesidades do alumnado
Participación activa de todo o alumnado
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Utilización de distintas estratexias metodolóxicas en función das unidades didácticas
Medidas de atención á diversidade
Toma de medidas de atención á diversidade para atender ao alumnado con NEAE no deseño das actividades
Eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Apoio e implicación por parte das familias no traballo do alumnado

Outros
Utilización dos distintos instrumentos de avaliación

Descrición:

Estes indicadores de logro pretenden avaliar aspectos como a adecuación da proposta educativa ás características do grupo, a idoneidade das metodoloxías empregadas en cada momento, o grao de participación de alumnado no proceso de ensino ou a adecuada resposta ás necesidades específicas do alumnado.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A principal referencia da que se disporá para este procedemento de seguimento e autoavaliación será a temporalización definida ao inicio do curso, debéndose analizar de xeito periódico se o programado se corresponde coas necesidades do alumnado, de modo que o desenvolvemento das unidades didácticas siga o calendario previsto.

9. Outros apartados